

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2022

Asistentes:	A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o martes 20 de decembro de 2022 ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:
Presidente Prada Rodríguez, Julio	
Vicedecanos Arribas Álvarez, M ^a Carmen Presedo Garazo, Antonio	1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022.
Secretario Rodríguez Teijeiro, Domingo	2. Informe do presidente.
PDI María López Díaz Beatriz Comendador Rey Elena P. de Uña Álvarez Fermín Pérez Losada M ^a Beatriz Vaquero Díaz	3. Aprobación, se procede, do rexistro R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos, xa validado en Comisión de Calidade.
PDI contratado Xosé Ramón Campos Álvarez	4. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente do 2022 (Quinquenios).
Estudantes Lucía Rodríguez Álvarez	5. Aprobación, se procede, do/a representante/a da Facultade de Historia para a Comisión de valoración da V Edición dos Premios de Investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga da UVigo.
Desculpan ausencia:	6. Asuntos de urxencia.
PDI Barriocanal López, Yolanda	7. Rolda de intervencións.
PAS Rodríguez Bouzas, Josefa	

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpam a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022.

Aprobase por asentimento.

2. Informe do presidente.

Informa o presidente sobre os seguintes puntos:

1. ACORDOS COMISIÓN PERMANENTE. Comenta o documento 2c, certificado de acordos da Comisión Permanente de 19/09/2022 relativos á resolución das solicitudes de recoñecemento presentadas por Antía Sánchez González, Paula Mateo Gestoso e Yoguesvar Herrero López.

2. RESULTADOS MATRÍCULA. Tema sobre o que xa se informu en Comisión de Calidade; sinala o presidente que o 20 de outubro mantivo unha xuntanza con Iván Area, o delegado do reitor na CIUG, para analizar os números finais da matrícula. Finalmente houbo 47 matrículas no Grao e 8 no PCEO.

Grao	Campus	Prazas ofert.	1ª pref.	2ª pref.	3ª pref.	4ª pref.
Grao en Xeografía e Historia	Ourense	40	40	35	37	26
Grao en Historia	Santiago	100	156	84	56	56
Grao en Historia da Arte	Santiago	85	101	119	59	68
Simultan. Turismo e Historia	Ourense	10	5	12	3	5

Sinala o decano que en aparencia estes números son moi positivos pero coinciden ambos en que agochan debilidades preocupantes que confirmaban os datos que obtidos da nova enquisa inicial do PAT. En particular o escaso alumnado que captamos na provincia de Ourense (25%), Pontevedra (33%), Coruña (31%) e Lugo (11%). Esa distribución provincial é coherente co máis preocupante que amosan os datos cando se lle pregunta ao alumnado pola razón máis determinante para cursar o noso Grao: de 37 respostas, o 32,43% respondeu que porque non entrou noutra Universidade ou Titulación e o 43,24% porque era un Grao xeneralista. Insiste, asemade, na ameaza que supón para a Facultade a reforma do título de Santiago e a posibilidade de que poidan aumentar o número de prazas asignadas, pero obviamente son cousas que escapan ao noso control. Lembra as accións levadas a cabo, en particular o compromiso do presidente da Deputación de estender ao noso Grao o programa de bolsas de Turismo cando o consideremos necesario, pero sinala que, na súa opinión, iso non resolverá os problemas estruturais, como por outra banda xa amosou o caso de Turismo.



3. MATERIA CAPTACIÓN ALUMNADO:

- Indica o presidente que se continua coas liñas mestras do plano de difusión coa celebración de varios talleres a cargo de Begoña Garrido, de Xeitura, a campaña de difusión de *Fai Historia con Nós* de Nasas e este ano recuperouse a presenza da Facultade da Feira de Edugal, segundo Begoña con moito interese por un bo número de asistentes, pero amosase moi escéptico nesta cuestión. As enquisas iniciais antes comentadas así parecen confirmalo: só un 4,44% do alumnado que responde di que coñeceu o Grao a través dunha visita ou taller desenvolto no seu centro e outro 17,78% di que o coñeceu por internet (o resto di que procurou pola súa conta información —60%— ou que llo aconsellou directamente profesorado do seu centro.
- Tamén se celebraron as *Xornadas: O patrimonio cultural e natural ourensán* o 7 de outubro en Santo Estevo, con bastante repercusión mediática basicamente polo despregue informativo da Deputación; as *Xornadas: Revisitando a transición. Outras miradas*; e a primeira fase das *II Xornadas de Innovación docente* precisamente para que todas elas puidesen ser sufragadas con cargo ao orzamento do convenio coa Deputación. Respecto a estas últimas, solicita o nomeamento dun representante de cada área para o comité organizador e outro para o científico, como no caso da edición anterior. Este último, mellor de universidades diferentes á UVigo. O prazo límite será o 9 de xaneiro e o prazo de envío dos relatorios entre o 15 de xaneiro e o 1 de maio de 2023. A comunicación da aceptación da proposta será 20 de maio e as datas de celebración, en formato on-line, os días 25 e 26 de maio de 2023.
- Con cargo ás axudas do Consello Social celebráronse as *Xornadas de Orientación Profesional* o 4 de novembro, este ano tamén mediante a modalidade on line. O número de visualizacións total a día de hoxe era de 259; pero só 5 alumnos, unha delas Lucía, que era relatora, se inscribiron oficialmente nelas a pesares de emitir un certificado e ampliar en dúas ocasións o prazo para inscribirse.
- Con cargo á convocatoria de Actividades extraacadémicas e de difusión cultural celebráronse o 18 de novembro as XORNADAS SOBRE INFANCIA DA FACULTADE. Tendo en conta o escaso éxito de alumnado o presidente somete a consideración da Xunta se esta considera que para o vindeiro curso debe continuar facéndose esta xornada e, por conseguinte, seguir incluíndo as dúas horas que figuran nas guías docentes. Entende o presidente que as áreas que imparten docencia no primeiro cuadrimestre e están representadas nas xornadas deben establecer algún mecanismo de control do alumnado, por exemplo mediante un resumo ou recensión do relatorio que lles atinxe e a correspondente actividade substitutoria para quen non poida asistir, con independencia de que tamén se poidan establecer mecanismos de control de asistencia, xa que son horas que figuran na carga lectiva tanto para profesorado como para alumnado. Poderíase á volta do Nadal



deixar pechada a temática e que esa figurase xa nas programacións de aula que se fan ao inicio do primeiro cuadrimestre do vindeiro curso académico. Se, pola contra a Xunta considera que é mellor outro tipo de actividade, entende o presidente que é o momento de que nos pronunciemos sobre esta cuestión.

4. DOTACIÓN DE ORDENADORES

Indica o decano que foron atendidas todas as peticións. Cada vez temos mais profesorado de lista de agarda e existían moitos espazos sen ordenador que se conseguiu dotar de equipo: foron en total 9 (incluída unha de renovación do prof. Antonio Presedo) co que queda cuberto todo o profesorado.

5. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA. GASTO

Indica o decano que se achegou aos membros da Xunta un cadro no que se recollen os principais compoñentes do gasto efectivamente realizado. Dispoñemos oficialmente de algo mais de 50.000 euros (dado que 19.000 son retidos pola administradora do Campus para reparacións do edificio) pero en realidade dispuxemos dun orzamento de 63.000 euros (habería que computar as xornadas das saídas profesionais organizadas polo consello social, o convenio coa Deputación, a subvención do Vicerreitorado do Campus para as xornadas da infancia e a achega de 1.000 do grupo de Historia Contemporánea para cubrir as desviacións orzamentarias ocasionadas polas saídas). Chama a atención sobre a desviación de algo mais de 400 euros entre os gastos e os ingresos, que se debe a que a Delegación de alumnos este ano non executou a totalidade do orzamento.

En relación cos gastos, sinala o presidente que o capítulo de difusión do Grao supón practicamente o 45% do gasto (ao que se podería sumar o mantemento da web con case outro 6% do total), seguido este ano polo de equipamento informático do profesorado pola xa comentada adquisición de ordenadores (14,36%) e polas saídas de estudos e xornadas (case un 14%).

Respecto ás SAÍDAS DE ESTUDOS E ÁS XORNADAS, tamén se achegou un cadro co custe das mesmas por profesor, materia, curso e cuadrimestre. O custe total deste ano foi de máis de 8.600€ fronte á cantidade inicialmente orzamentada de 7.000€. A totalidade destes máis de 1.600€ de déficit financiouse gracias ao convenio coa Deputación que contemplaba 800€ para dúas saídas (350 Beade, 450 Enciña da Lastra) e outros 1.000 € que estaban destinados ás Xornadas de Historia Contemporánea e que finalmente foron imputados ao grupo de Investigación de Historia Contemporánea. Así mesmo, comenta, hai unha serie de Xornadas que están na programación docente do profesorado, que afectan a todos os cursos e que non son financiadas pola Facultade, agás cunha cantidade simbólica con cargo a protocolo que este ano nin sequera foi posible aboar no caso de Olladas á Antiguidade, aínda que o gasto puido ser asumido finalmente polo Departamento. Para o decano, isto crea un evidente desequilibrio que debe ser corrixido, e tendo en conta ademais que para o vindeiro ano dispoñemos do mesmo orzamento de 7.000 € e non se sabe se haberá un novo convenio coa Deputación, considera que a primeira medida que hai que tomar é limitar o

número de saídas a un máximo de unha por materia e, en segundo lugar, solicita ao profesorado que imparte aulas nun mesmo curso e cuadrimestre que estudien a posibilidade de facer saídas conxuntas como inicialmente se fixera. Comenta o decano que, malia este déficit, se se limitan ás saídas a unha por materia e non se producen novas peticións, poderían atenderse como ata o de agora se non se produce un novo incremento dos custes, iso si, a custa de reducir a partida de equipamentos.

Tamén indica o decano que non se executaron algo máis de 700€ dos 4.114 asignados ao profesorado (314 en Medieval, 296,50 Arte -prof. Ángel Domínguez e o de Lista de Agarda-, e 56 en Contemporánea polo bolseiro Margarita Salas) nin preto de 500 de Delegación de Alumnado a pesares dos reiterados avisos. Para evitar esta situación no futuro, o decano sinala que haberá que ser máis estritos no cumprimento dos prazos que que se asigna, para que no caso de que chegada a data fixada non se execute o gasto poda repercutir noutras áreas da Facultade.

En relación co orzamento de 2023 comenta que contamos coa mesma cantidade: 69.460 € dos que 19.000 son distribuídos directamente pola administradora do Campus para mantemento do edificio, co que temos para executar 50.460 €, incluídos os 1.000€ que se destinan para Delegación do Alumnado.

Sinala o decano que o único cambio significativo realizado respecto a outros anos económicos foi retirar 2.000€ da partida 233 (outras indemnizacións, que afectan a persoal sen vinculación coas Administracións Públicas, pasando 1.000€ a axudas de custo e locomoción) e se pasaron outros 1.000€ (xunto con outros 1.000€ procedentes de cursos, conferencias e seminarios xa que as Xornadas da Facultade e as de Saídas Profesionais se están financiando con axudas Vicerreitoría Campus Ourense e Consello Social) para protocolo que é unha partida que tradicionalmente se esgotaba e que non se pode incrementar senón diminuír no seu momento.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O prof. Fermín Pérez Losada pregunta se a cantidade para as saídas de campo no presuposto do próximo ano sería a mesma. O decano confirma que é así e que se eleva a 7.000€. Tamén pregunta o prof. Fermín Pérez Losada polo desfase ocorrido neste ano 2022 nesa partida; indica o decano que se superou a cantidade presupostada en 1.600€, debido especialmente ao incremento nos custos de transporte. Comenta o sobrecuste das saídas a Beade e á Serra da Enciña da Lastra, financiadas pola Deputación, que, a pesares de presentar un presuposto incrementado nun 20% , esa porcentaxe non foi suficiente para cubrir o custe real. Sinala que de momento non é preocupante a financiación das saídas pero estes sobrecustes son unha cuestión que temos que prever.

Pregunta o prof. Antonio Presedo se actividades formativas relacionadas cos seminarios que están nas Guías Docentes van ter financiación no vindeiro ano 2023, que serían o segundo cuadrimestre do actual curso e que é importante que conste en Acta. Responde o decano que iso deberá ser así, coa prudencia e



as limitacións lóxicas, e sempre limitado ao que apareza nas Guías Docentes do alumnado e que non teñan o carácter de Xornadas Científicas vinculadas aos grupos de investigación. Sinala a prof. Elena de Uña que nas Guías aparecen como seminarios, e o decano indica que, por exemplo no caso das de Historia Contemporánea así é, están dentro do apartado seminarios.

Pregunta a prof. Elena de Uña se esas actividades son as que poden ser financiadas. Responde o decano que esas actividades poden ser financiadas por estar nas Guías docentes, sempre que nunha mesma materia non se programe ao mesmo tempo saídas e xornadas. Indica o prof. Fermín Pérez Losada que é unha boa medida, xa que pode haber Áreas aá que lle convén mellor unha saía e a outras un seminario. Comenta o decano que por esta razón se enviou aos membros da Xunta ese cadro tan detallado das saídas por profesor, materia, curso e cuadrimestre para que todos fosen conscientes do que representa en cada materia as saídas sobre o orzamento e que se aprecien as evidentes diferenzas entre materias, áreas, etc. Insiste o decano no carácter multidisciplinar que nun principio tiñan as saídas, que non é incompatible. Apunta o prof. Fermín Pérez Losada que as saídas non se facían por materias, senón por conxuntos de tres ou catro materias relacionadas. Coméntanse algunhas posibilidades sobre as actividades posibles e horas asignadas.

A prof. María López Díaz pregunta se haberá unha cantidade ou unha partida específica para as Xornadas. Sinala o decano que non hai ningunha partida co nome de saídas, hai unha partida, a 223, que é transportes, é a esta partida a que se lle imputan as saídas. Tampouco existe unha partida para as Xornadas, a máis apropiada podería ser a 226, “cursos, conferencias e seminarios”, ata o de agora empregada para outros fins xa que se pode mover libremente sen necesidade de facer modificacións orzamentarias. No presuposto reduciuse esta partida para dar unha imaxe mais real do orzamento.

Pregunta a prof. María López se, do exposto polo decano se pode deducir que é posible financiar, por exemplo, as dietas das persoas invitadas as Xornadas e, incluso pagarlles algo. Responde o decano que iso é o que se intentará dentro dos marxes sinalados e mantendo a estrutura actual das xornadas.

O decano pide que os membros da Xunta se pronuncien sobre as Xornadas da Facultade.

A prof. Beatriz Comendador pregunta se as Xornadas da Facultade son as mesmas que as das Áreas e das que se estaba a falar ata o de agora. Aclara o decano que as xornadas organizadas por algunha áreas forman parte da programación docente, do mesmo xeito que as saídas que organizan outras Áreas. As Xornadas de Facultade teñen imputadas dúas horas en todas as Guías Docentes.

Comenta tamén que en cursos anteriores, estas Xornadas –realizadas no primeiro cuadrimestre– contaban cunha ampla participación do alumnado como consecuencia das esixencias de tarefas por parte dos distintos profesores/as; a relaxación destas esixencias propiciou unha redución do número de asistentes ata chegar a peculiar situación deste curso no que o alumnado asistiu a aquela conferencia das xornadas na que se lle esixía a elaboración dalgunha tarefa e, despois, foise. Varios membros da Xunta

interveñen para comentar esta situación e as súas causas; apúntase que para algunhas Áreas a temática proposta tiña difícil encaixe, pero non a todas, especialmente aquelas que plantexaron relatorios, e que non deberían ter problema á hora de esixir algún tipo de actividade por parte do alumnado que garantise a súa presenza.

A prof. María López Díaz pregunta se cabería a posibilidade de alternar estas xornadas entre cuadrimestres, de modo que non se celebrasen sempre no primeiro; e que se a celebración das xornadas se decide antes de facer as Guías Docentes, tamén poderían incluírse nelas. Sinala o decano que as Xornadas fináncianse con cargo as axudas para Actividades Extra-académicas que se convocan en xaneiro; non sabe se as axudas son por curso ou por ano, neste último caso si sería factible realizar as xornadas no segundo cuadrimestre. Indica o decano que nas Guías Docentes do curso 22/23 xa foron imputadas as horas das xornadas para o alumnado deste curso, o que significa que teríamos que pensar nas axudas que se convocasen no mes de xaneiro do ano 2024 e para o curso 23/24, o que significaría que perderíamos a axuda correspondente a este curso. Despois de confirmar que a convocatoria destas axudas realízase no mes de febreiro, o decano insiste en que si sería posible realizalas no segundo cuadrimestre. Indica o prof. Fermín Pérez Losada que este curso contaría con dúas xornadas, as xa realizadas no primeiro cuadrimestre e outras no segundo para as que se vai solicitar agora o financiamento. Comenta o decano que sería o lóxico, dado que así todas as materias se ven implicadas. O prof. Fermín Pérez Losada propón que se consideren como unha única xornada pero dividida en dúas partes, unha por cuadrimestre. Sinala o decano que habería que buscar un nome xenérico que dese cabida nas dúas edicións a temáticas máis paralelas. Pecha o debate o decano, indicando que se enviará un recordatorio para propor temáticas e que xa se podería empezar coa súa realización no segundo cuadrimestre para as materias que se imparten neste.

A prof. María López Díaz pide que se aclare como sería a denominación das xornadas. O decano responde que se lles daría un título xenérico e, para cada edición, se buscaría a temática que mellor se adaptase ás materias de cada cuadrimestre.

3. Aprobación, se procede, do rexistro R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos, xa validado en Comisión de Calidade.

Comenta o decano que se trata dun documento estandarizado que habitualmente elabora a administradora do centro, pero que este ano conseguíuse que unha parte fose elaborada polo decanato.

Se aproba por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente do 2022 (Quinquenios).

Indica o decano que se trata das solicitudes de quinquenios dos profs. Susana Reboreda Morillo, Domingo Rodríguez Teijeiro, José Antonio Díaz Fernández, Carlos Alberto Patiño Romarís e María Victoria Fernández Carballo-Calero.

Aprtóbanse por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do/a representante/a da Facultade de Historia para a Comisión de valoración da V Edición dos Premios de Investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga da UVigo.

Sinala o decano que é un premio a teses, traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado que teñan por eixe a temática da auga. E un requisito para ser membro da comisión que non se dirixa ningún traballo. Dende o decanato propónse á prof. Yolanda Barriocanal López que xa aceptou previamente.

Comenta a prof. Beatriz Comendador certas incongruencias na convocatoria desta edición, que tiña unha data límite para a presentación dos traballos e que, o día antes de rematar, ampliouse en 15 días para incluír traballos correspondentes ao ano 2022.

Aprobado por asentimento

6. Asuntos de urxencia.

Non constan asuntos de urxencia

7. Rolda de intervencións.

A prof. Beatriz Comendador comenta que en cursos de primeiro é cada vez máis habitual a presenza de portátiles. Inicialmente para coller apuntes, pero cada vez máis para navegar por redes sociais e incluso para falar por teléfono de outras actividades non docentes. Pensa que habería que establecer unha política acordada por todo o profesorado, e incluso se podería pensar en incluír nas Guías Docentes cuestións relativas a uso indebido dos dispositivos.

O prof. Antonio Presedo coincide co sinalado pola prof. Beatriz Comendador, e chama a atención sobre o feito da gravación das clases con dispositivos móbiles sen o permiso explícito de unha das dúas partes, que podería ser considerado ilegal.

Ábrese un debate no que interveñen distintos membros da Xunta sobre as gravacións das clases por parte do alumnado e as posibles medidas a tomar.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14,00 h do día 20 de decembro de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro